

# CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E DAIICHI SANKYO ESPAÑA S.A.U. PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PACIENTES CON CANCRO DE MAMA METASTÁTICO MEDIANTE ACCIÓNS QUE FOMENTEN O COÑECEMENTO DA ENFERMIDADE E OS SEUS IMPACTOS PSICOLÓXICOS E SOCIAIS

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA QUE:**

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) asinou co laboratorio Daiichi-Sankyo España, S.A.U. o 23.12.2022 o convenio arriba referido.

O instrumento convencional tiña por obxecto a mellora na calidade de vida das pacientes con cancro de mama, especialmente en estadio Metastático.

Coa finalidade de lograr o devandito obxecto, Daiichi-Sankyo España S.A.U., comprometeuse a financiar o custo daquelas reunións e talleres que se realizasen na contorna hospitalaria e/ou aqueles materiais audiovisuais formativos que se creasen, orientados a mellorar a información sobre a enfermidade e fomentar a posta en común de experiencias das pacientes e profesionais implicados, sendo a achega económica para levar a cabo estas actividades de doce mil euros (12.000,00 €).

Pola súa banda, ACIS comprometeuse a difundir a participación da entidade colaboradora en todo aquilo que se permita, facendo referencia á entidade colaboradora e usando aqueles logos que no seu momento a entidade indicase, así como a difundir estas actividades a todo o colectivo de pacientes e profesionais implicados na abordaxe do cancro de mama metastático co fin de que fose aproveitado polo maior número posible de persoas deste colectivo.

Que existiu converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do referido obxecto.

Que o convenio fundamentouse no seguinte:

Mediante o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creouse a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS) e aprobáronse os seus estatutos. A posta en funcionamento efectivo da Axencia tivo lugar o 1 de xaneiro de 2016, coa entrada en vigor dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre os obxectivos estratéxicos da ACIS figuran o de elaborar a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en

función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e o de xestionar o coñecemento no sistema público de saúde de Galicia.

Segundo o artigo 42 dos seus estatutos, para o cumprimento dos seus obxectivos ACIS poderá contar, entre outros, con recursos procedentes de achegas voluntarias, doazóns, herdanzas, legados e demais achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.

A Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado regula determinados beneficios fiscais que poden aplicarse as persoas físicas ou xurídicas que colaboren no financiamento de actividades daquelas entidades que poidan ser beneficiarias do mecenado.

O artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro declara como entidades beneficiarias do mecenado ao Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos Autónomos do Estado e as entidades autónomas de carácter análogo das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais. En consecuencia, ACIS pode ser receptora de achegas económicas que dean dereito aos aportantes a obter beneficios fiscais dos regulados na dita lei..

Segundo o Artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, entenderase como convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral aquel polo cal as entidades ás que se refire o artigo 16 da dita lei, a cambio dunha axuda económica para a realización das actividades efectuadas en cumprimento do seu obxecto ou finalidade específica, comprométense por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas devanditas actividades. A difusión da participación do colaborador no marco dos convenios de colaboración empresarial non constitúe unha prestación de servizos.

Pola súa banda, Daiichi-Sankyo España S.A.U. é unha entidade privada adicada segundo o seu obxecto social á fabricación de produtos farmacéuticos, químicos e de perfumaría, que colabora de maneira frecuente no ámbito de actividades de formación médica continuada e asistencial.

O obxectivo último da sinatura do dito convenio non foi outro que prover de información, coñecementos e habilidades, en procesos de saúde e de enfermidade (cancro de mama), a pacientes, ás persoas coidadoras e á cidadanía en xeral, co fin de mellorar a súa calidade de vida e potenciar a súa participación segura nas decisións sobre os seus procesos, así como a concienciación e información co obxectivo de mellorar tanto o coñecemento da enfermidade como o impacto psicolóxico e emocional asociado, favorecendo así a mellora na calidade de vida de pacientes e familiares.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico



español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

